

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un/ha pais/nais/titores legais**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son **electores/as** todos/as os pais e as nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 10 de novembro.

3.- **Son elixibles** os pais e as nais ou, se é o caso, os/as titores/as legais, que formulen a súa **candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día 4 ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.

4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os/sa pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **18** de novembro, ás 11:15 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.

7.- **As votacións realizaranse** neste IES o **24 de novembro de 2022 de 18:00 a 20:00 horas**. A votación levarase a cabo respectando as medidas establecidas para os centros educativos.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **dun nome** dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vilalba, a 3 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

M<sup>a</sup> del Socorro Trillo Leis